

ORDENANZA FISCAL Nº 6

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a "taxa por expedición de documentos administrativos" que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 2º. - Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2. Para os efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provocase polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello, nin tampouco os expedientes de devolución de ingresos indebidos.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en interese das cales redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Exencións.

Terán unha exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de tarifa corresponde a tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 7º. - Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da seguinte maneira:

Documentación catastral	TARIFA
Copia de fotografía aérea en papel opaco	6,00 euros /unidade
Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4	6,00 euros /unidade
Copia de cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A-3	12,00 euros /unidade
Copia de cartografía en papel reproducible	31,00 euros /unidade
Copia de cartografía dixitalizada urbana	3,00 euros /hectárea
Copia de cartografía dixitalizada rústica	0,12 euros /hectárea
Información alfanumérica dixital urbana	0,06 euros /registro
Expedición de copias de información non gráfica de expedientes	0,30 euros /folla
Informes catastrais sobre bens urbanos	3,00 euros /unidade
Informes catastrais sobre bens rústicos	3,00 euros /unidade
Nos informes catastrais descritivos e gráficos referidos unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica	12,00 euros /unidade
Nas certificacións catastrais que incorporen datos cunha antigüidade superior a cinco anos, incrementarase a tarifa en	31,00 euros /unidade
Modelo 902 de alta catastral	Segundo coste oficial
Dereitos de inscrición en Procesos de Selección de Persoal	
Procesos de selección de persoal para prazas encadradas no subgrupo A1 ou asimilado	50,00 euros
Prazas do subgrupo A2 ou asimilado	40,00 euros
Prazas do subgrupo B ou asimilado	30,00 euros
Prazas do subgrupo C1 ou asimilado	30,00 euros
Prazas do subgrupo C2 ou asimilado	20,00 euros
Prazas de Agrupacións profesionais sen requisito de titulación ou asimilado	10,00 euros
Planos, fotocopias e documentos técnicos	
Por cada documento que se expida en fotocopia:	
1. Por folio de tamaño DIN A-4	0,15 euros
2. Por folla tamaño DIN A-3	0,20 euros
3. Maior DIN A-3, por folla	
3.1. A primeira copia	6,00 euros
3.2. As copias restantes	2,00 euros
4. Fotocopia e compulsa de documentos, sempre e cando non se trate de tramitacións municipais (caso no que a cota será de 0 euros):	

4.1. polo primeiro folio	1,00 euro
4.2. por cada un dos restantes	0,20 euros
Documentos relativos a Urbanismo	
Certificado de cualificación urbanística	35,00 euros
Informe de cualificación urbanística	25,00 euros
Declaración de innecesariade de licencia urbanística	60,00 euros
Por cada expediente acreditativo da antigüedad das edificacións ou sobre incoación ou non de expediente de reposición de legalidade ou sancionador:	
1. Por vivenda ou local de máis de 30 anos	30,00 euros
2. Por vivenda ou local de menos de 30 anos:	
2.1. En caso de existir expediente de solicitude de licencia do inmovible	35,00 euros
2.2. En caso de non existir expediente de solicitude de licencia:	
2.2.1. Ata 100 m2 de superficie	600,00 euros
2.2.2 De 101 a 150 m2 de superficie	750,00 euros
2.2.3 De máis de 150 m2 de superficie	900,00 euros
Outros informes urbanísticos	40,00 euros
Outras certificacións urbanísticas	50,00 euros
Declaración de non caducidade de licencias urbanísticas	15,00 euros
Outros documentos:	
Exemplar de ordenanzas fiscais	24,00 euros
Bastanteo de poderes	25,00 euros
Entrega de documentación administrativa en CD-ROM	15,00 euros/ unidade
Por cada expediente para celebración de voda civil no Concello	
1. Cando algún dos contraíntes sexa veciño do municipio	90,00 euros
2. Cando ningún dos contraíntes sexa veciño do municipio	180,00 euros
Por cada inscrición no Libro rexistro de unións non matrimoniais	12,00 euros
Certificado de empadramento do padrón vixente	0,00 euros
Certificado de empadramento de padróns anteriores:	
1. Ata padrón ano 1981, incluído	4,00 euros
2. Padróns anteriores a 1981: engadirase á cota anterior, por cada 5 anos	1,20 euros
Certificación de acordos municipais:	
1. Do ano en curso	10,00 euros
2. De anos anteriores	12,00 euros
Expedición informes emitidos pola policía local relativos a accidentes de circulación	50,00 euros
Expedición de outros informes emitidos pola policía local	10,00 euros
Expedición de tarxetas de armas o permiso de uso de escopetas de aire comprimido, u outros tramitados ante la policía local	12,00 euros
Expedición de informes sociais	0,00 euros
Outros informes non comprendidos en apartados anteriores	3,00 euros
Outras certificacións non comprendidas en apartados anteriores:	
1. Cando precisen de informe técnico	15,00 euros
2. Cando non precisen de informe técnico	2,00 euros
Por cada fotocopia de documentos obrantes nas Bibliotecas municipais ou impresión de documentos dixitais (sendo 35 o número máximo permitido ó día)	

1. Por folio tamaño DIN A-4	0,05 euros
2. Por folla tamaño DIN A- 3	0,10 euros
Expedición do Carné Propio da OMX	12,00 euros
Expedición duplicado do carné propio da OMX	6,00 euros

Artigo 8º.-Bonificacións da cota.

Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa, salvo no concerninte a dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal en que se aplicará unha redución do 50 % da tarifa a aqueles que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación.

Artigo 9º. - Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2. Nos casos a que se refire o apartado 2 del artigo 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio, ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado, pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10º. - Declaración e ingreso.

1. A taxa esixirase polo procedemento do selo municipal adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderán dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para esta finalidade se requirirá ó interesado para que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal en virtude de oficio de Xuzgados ou Tribunais para toda clase de pleitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisficera a correspondente cota tributaria.

Artigo 11º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.